

AUDITORIO MUNICIPAL • 19.00H

SABINNE MOLENAAR (Bélxica) ESTREA EN GALICIA

“That's It” (60') Danza-Acrobacia

O primeiro traballo en solitario de Sabine Molenaar (ex-Peeping Tom) discorre en montañas rusas, sonos estranos e pesadelos, lembranzas e asociacións. En That's It, a lóxica non ten lugar. Sabine Molenaar cativa ao seu público pouco a pouco, movemento tras movemento, xesto tras xesto ata que os espectadores se atopan fronte ao seu máis grande temor: que as cousas non son o que parecían ser. That's It semella un espectáculo por intres gracioso, outras chocante; ás veces sensual e a cada paso máis fascinante.

Où s'arrêtent les rêves et où commence la réalité?

ALT. FÓRA DE SÍ

VENRES 14 • 12.00H - 18.00H

Rúa do Príncipe (diante do MARCO)

CRISTINA MONTERO & RUT BALBÍS “Momento Blooming”

Queres ser rico ou pobre? Sabemos os segredos do teu éxito. Temos a solución aos teus problemas financeiros. Non perdas esta ocasión única, onde corpo, movemento, música e danza se xuntan para facer un cóctel anticrise.

SÁBADO 15 • 12.00H

Nave Industrial Irmáns Rodríguez Gómez (Travesía de Bouzas, s/n-Peirao de Reparacións-Bouzas)
Cesión do espazo: Autoridade Portuaria de Vigo.

JAVIER MARTÍN “O antiedipo ou o homúnculo” (60')

Proxecto performativo de improvisación a nivel de movemento no que a peza vai medrando e cambiando ó enfrontarse sucesivamente co público ata o día da súa estrea e morte. O evento inclúe un encontro posterior ó traballo para intercambiar impresións e para a crítica aberta.

PRESENTACIÓN DE LIBROS EN VERSUS LIBRARÍA

(Rúa Venezuela 80)

MÉRCORES 12 • 20.30H HELEN BERTELS “Diario de nimiedades”

VENRES 14 • 17.00H ROBERTO FRATINI “A contracuento”

SAÚDA DA DIRECTORA

Se algo caracteriza á xente que traballamos nas artes escénicas contemporáneas, ben sexa na xestión ou no eido artístico, é que somos “duros de roer” e non adoitamos rendernos facilmente. Dende sempre, dende que existimos, fomos excluídos do “centro”, empurrados á periferia artística que vén sendo un lugar onde, para ser visible, hai que andar todo o día “da ceca á meca” facendo da nosa capa un saio para buscar os garavanzos. Por iso, cando as cousas van peor, sabemos pelexar, somos guerreiras/os, configuramos a parte baixa das artes escénicas (sen que isto sexa pexorativo)... e mira por onde! iso fainos máis valentes.

Custou chegar a esta edición, número fatídico que non nos dá medo afrontar: estamos ante a edición número trece dun festival pequeno e arriscado. Pequeno en estrutura e orzamento, arriscado moralmente porque, ás veces, asoman as ganas de tirar a toalla, pero somos duros de roer.

ALT. ten que continuar, como deben continuar moitos outros festivais semellantes para que non se esborralle o espazo do discurso, da intención poética ou guerreira. En pé estamos, atentos ao que ocorre, pelexando polo que temos traballado trece anos,

todos: vosoutros e nós: Grazas Vigo...por estar aí, por asistir, por debater con nós, porque coa vosa presenza defendedes o ALT. como parte cultural da vosa cidade.

Aínda que reducidos, en frasco pequeno coma os bos perfumes, este ano ALT. será invadido, máis ca nunca, por artistas da nosa Comunidade, coa intención de darlles folgos nestes momentos, para que continúen, igual ca nós, traballando polas artes escénicas, pola cultura.

Rematamos o percorrido ALTprocrea en feminino que comezamos o ano pasado con Nuria Sotelo e Mercé de Rande e iniciamos outro con Helen Bertels.

Internacionalizámonos con tres compañías de fóra e asistimos á presentación de dous libros: o de Roberto Frattini e o de Helen Bertels.

Remato ca lembranza a un ser extraordinario que se foi para sempre, alguén que me axudou, cos seus consellos, a continuar, a ser honesta, a non perder nunca o norte, a traballar polo que creo... Antonio Correa dedícoche este ALT... vai por ti!

LOLA CORREA (Directora artística do ALT.)

ALT.14 / 13º FESTIVAL ALTERNATIVO DAS ARTES ESCÉNICAS DE VIGO				
MARZO				
	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
	13	14	15	16
CASA DAS ARTES	ANA VALLÉS (Galicia) “Teatro invisible” ESTREA ABSOLUTA 19.00 / 65'	AIMAR PÉREZ GALÍ (Cataluña) “Sudando el discurso” ESTREA EN GALICIA 19.00h / 40'	FÉLIX FERNÁNDEZ (Galicia) “Yo vivo de mi cuerpo” ESTREA ABSOLUTA / PRODUCCIÓN ALT. 19.00h / 40'	HELEN BERTELS (Alemaña-Galicia) “Amor” MERCÉ DE RANDE (Galicia-Suiza) “Das tebras ás treboadas” TRABALLOS EN PROGRESO ALTprocrea en Feminino
MARCO		DIEGO ANIDO & CO. (Galicia) “Symon Pedigri” CO-PRODUCCIÓN ALT13 20.00h / 65'	LANDER PATRICK (Portugal-Brasil) “Casca d'ovo” ESTREA NO ESTADO 20.00h / 45'	
AUDITORIO MUNICIPAL	LICENCIADA SOTELO & CÍA (Galicia) “Silencio por favor” ESTREA ABSOLUTA ALTprocrea en Feminino 21.00h / 65'	EL PESO DEL ALMA (Francia-España) “El peso del alma” ESTREA EN GALICIA 22.00h / 50'	MATARILE TEATRO (Galicia) “Staying alive” COLABORACIÓN ALT. 22.00h / 90'	SABINE MOLENAAR (Bélxica) “That's it” ESTREA EN GALICIA 19.00h / 60'
OUTROS ESPAZOS		CRISTINA MONTERO & RUT BALBÍS (Galicia) “Momento blooming” ALT. FÓRA (varios pases)	JAVIER MARTÍN (Galicia) “O antiedipo ou o homúnculo” ALT. FÓRA 12.00h / 60'	

VENTA DE BILLETES: 30 min. antes do comezo da función • RESERVAS: 666 990 403 • INFO: altvigo@yahoo.es • SERVIZO DE ATENCIÓN CIDADÁ: 010



13º FESTIVAL ALTERNATIVO DAS ARTES ESCÉNICAS DE VIGO

13.03 > 16.03.2014

AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
CASA DAS ARTES / MUSEO MARCO / CASA ARINES (CCP)
FESTIVALT.ORG - VIGOCULTURA.ORG

Coa complicidade


SINSALAUDIO



Colaboran



Colaborador principal



Vivimos nunha cidade fermosa

PROGRAMA DE MAN



XOVES 13 MARZO

CASA DAS ARTES • 19.00H

ANA VALLÉS (Galicia) ESTREA ABSOLUTA

“Teatro Invisible” (65') Performance

Como muller de teatro, que leu e releu aos teóricos –incluídos conceptuais, dogmáticos e intransixentes– decidín asumir a fatalidade e o encadeamento de sucesos coma o elemento substancial dos meus actos pasados e presentes e concluíu en verificar o seu sentido de manuais e doutrinas á hora de comprender o funcionamento das cousas en xeral e das persoas en particular.

Interpretación e dirección: Ana Vallés / **Deseño iluminación:** Baltasar Patiño.
(Compañía en residencia na sala Vidal Bolaño da USC).

AUDITORIO MUNICIPAL • 21.00H

LICENCIADA SOTELO (Galicia). ESTREA ABSOLUTA

“Silencio por favor” (65') Danza

(Final proceso. **ALTprocrea en Feminino**)

Nunha realidade que nos atorde asépticamente, atopar o espazo íntimo, soidade contemplativa. O silencio exterior preciso para percibir o propio ruído, atravesalo, ordenalo, silencialo, navegalo.

Intérpretes: Rut Balbís, Nuria Sotelo, Mounqup e Macarena Montesinos/ **Deseño Iluminación:** David Pais/ **Espazo multimedia:** David Pais e Marta Valverde.

VENRES 14 MARZO

CASA DAS ARTES • 19.00H

AIMAR PÉREZ GALÍ (Cataluña). ESTREA EN GALICIA

“Sudando el discurso” (40') Conferencia performática

Nesta presentación falarei do bailarín como suxeito de subalternidade; falarei de como a formación de bailarín, que o concibe coma un corpo-máquina o cal non require de discurso, é un dos principais axentes da súa condición subalterna; falarei do meu corpo como arquivo ou documento vivo; afirmarei: “o meu corpo é a miña tese”; falarei do feito do corpo do bailarín; falarei de como o discurso da danza non se lexitima dende o que a practica senón dende o que a observa e analiza, e das problemáticas que implica. E todo isto pódoo facer porque son bailarín, e a miña práctica, o meu discurso, tanto físico como teórico, é atravesado por este corpo, que súa e fala.

Creación, Voz, Texto e Interpretación: Aimar Pérez Galí/ **Apoyo teórico:** Beatriz Preciado

Agradecementos: Manuel Asensi, Valentín Roma, Mónica Extremiana, Luís Miguel Félix, Xavier Le Roy, Paz Rojo, Eszther Salamon, Bea Fernández e Jaime Conde Salazar. Este traballo foi elaborado dentro do marco do Programa de Estudos Independentes do Museo de Arte Contemporánea de Barcelona (2013).

MARCO • 20.00H

DIEGO ANIDO (Galicia-Cataluña)

“Symon Pedigri” (65') (Co-producción ALT13)

Symon, cirurxián autodidacta de grande talento, nace 9 meses, 9 días e 16 horas despois da morte doutro Symon Pédicri, o seu irmán e homónimo, contra cuxa sombra bate durante toda a súa vida. Sabedor de que o seu outro eu tivo que morrer para que os seus pais o concibisen, chegou a aplicar o legado científico dos Pédicri, antigos criadores de cabalos, sobre o seu propio corpo.

Interpretación e dirección: Diego Anido/ **Luz:** Alex Aviñoa/ **Son:** Pablo Rega
(CAET Terrassa, ALT., FIOT, El Graner, CDG, Beca Iberescena).

AUDITORIO MUNICIPAL • 22.00H

EL PESO DEL ALMA (Francia-España)

“El peso del alma” (50') Danza Contemporánea - Hip Hop - Artes circenses

No peso da alma, involucramos ao espectador a sentir a través da danza, para elo utilizamos a linguaxe Hip Hop creando unha escritura coreográfica e desenvolvendo diversas disciplinas como a danza contemporánea e as artes circenses. Buscamos inspiración na robotización do individuo, na perda da identidade, na vida rutineira, fiel reflexo da actualidade, para conseguir unha personalidade orixinal e a liberación da alma a través da danza. Acádase así, a través da conxugación entre movemento, iluminación e música a perfección como cima da expresión artística.

Intérpretes: Gustavo Hoyos, David Ventosa, Miguel Pérez e Laura Jiménez/ **Deseño Iluminación:** Asel García e Sonia Corzo.

SÁBADO 15 MARZO

CASA DAS ARTES • 19.00H

FÉLIX FERNÁNDEZ (Galicia) PRODUCIDA PARA O ALT. ESTREA ABSOLUTA

“Yo vivo de mi cuerpo” (40') Performance

Poderían compartir escena unha superestrela do Pop, un varredor e a muller dun corrupto? Nunha sociedade fortemente xerarquizada non é fácil que poidan coincidir, pero Félix Fernández fai posible este encontro. O eixo central deste proxecto escénico é a relación entre corpo, capitalismo e traballo; unha aproximación non panfletaria dun tema tan presente no tempo que vivimos.

Interpretación, dirección e deseño: Félix Fernández.

MARCO • 20.00H

LANDER PATRICK (Portugal-Brasil). ESTREA NO ESTADO

“Casca d'ovo” (45') Danza

This is not a love story.

Idea orixinal, Coreografía, Dramaturxia e Vestiario: Lander Patrick/ **Intérpretes:** Jonas and Lander Patrick/ **Deseño de luces:** Lander Patrick e Rui Daniel/ **Director artístico:** Tomaz Simatovic/ **Coprodución:** Materiais Diversos / **Photos credit:** Günter Krämmer.

AUDITORIO MUNICIPAL • 22.00H

MATARILE (Galicia) COA COLABORACIÓN DO ALT.

“Staying Alive” (90') Teatro-Danza

En Staying Alive partimos do significado do propio título: seguimos vivos, mantémonos vivos. Dende a peor Europa posible. A pesar do medo, ou por riba do medo, ese medo incerto que vivimos en Europa, sobre todo os habitantes do sur. Partindo do difícil que é ver o que temos diante dos nosos ollos, xorde a necesidade de cuestionarnos cal é o noso lugar no mundo. Movémonos por emocións; as emocións lévannos a entrar en acción.

Entremos, por que non? As plantas, que non teñen emocións, non se equivocan.

E como dicía Roberto Bolaño: “O mundo está vivo e nada vivo ten remedio. Esa é a nosa sorte”.

Intérpretes: Mónica García, Nuria Sotelo, Rut Balbís e Ana Vallés/ **Dirección:** Ana Vallés/ **Deseño Iluminación:** Baltasar Patiño. (Compañía en residencia na Sala Vidal Bolaño da USC).
Colaboran: Grismediostudio.com, CDG, RTA, e Festival ALT.

DOMINGO 16 MARZO

CASA DAS ARTES • 17.30H

PROGRAMA DOBRE. TRABALLOS EN PROGRESO. ALT. PROCREA EN FEMININO

HELEN BERTELS (Galicia-Alemaña)

“Amor” (30')

Amor é un espectáculo que medrará en cada sitio no que se represente. Está estreitamente vinculado ao proxecto *Regálame un día de tu vida* no que visitarei a mulleres de todo tipo de procedencias xeográficas, culturais e sociais. Acompañareinas, fareilles preguntas para coñecerlas e, a partir desta experiencia, elaborarei un retrato en palabras e imaxes que se traducirá en traballos dentro das artes plásticas, escénicas, literarias ou audiovisuais. Este proxecto irase facendo a longo prazo, o seu obxectivo é saber máis da esencia da muller, sobre a escuridade e sobre o que temos esquecido ao longo de séculos dentro dunha sociedade patriarcal.

Creación e Interpretación: Helen Bertels/ **Iluminación:** Paulina Funes/ **Vestiario:** Cloti Vaello/ **Fotografía:** Martiño Picallo (Iuscofusco).

MERCÉ DE RANDE (Suíza-Galicia)

“Das tebras ás treboadas” (30')

A partir dun petróglifo atopado nunha rocha, situada na localización preto do lugar da súa orixe, Mercé de Rande traballa na recreación do que podería ser o seu significado, a día de hoxe aínda descoñecido, pese a ser un dos gravados máis antigos da humanidade.

Dirección e Interpretación: Mercé de Rande/ **Música:** Enea Mangili/ **Deseño Iluminación:** Mercé de Rande & Marius Kob/ **Tanzhaus-Wasserwerk Zurich.**